

## Circular da Dirección Deportiva de 22/02/2023

### Convocatoria solicitude participación no Programa de Tecnificación e Rendemento FEGATRI para acudir a COPA DE EUROPA DE QUARTEIRA 2023

A Federación Galega de Tríatlón e Péntatlon Moderno dentro do programa de tecnificación e rendemento 2023, ten establecido o apoio a deportistas con licenza galega pertencentes a clubs galegos de interese federativo, para a súa promoción deportiva nacional e internacional.

Conforme ao anterior e co gallo da celebración da Copa de Europa de Quarteira (Portugal), o próximo 25 de marzo de 2023, ábrese prazo de solicitude para acceder á colaboración anterior para deportistas que estén aceptados/as na lista de inscrición de dita Copa de Europa a través deste programa.

#### **Condicións Programa Tecnificación- Selección Galega Copa de Europa de Quarteira:**

A FEGATRI asumirá os seguintes custes:

- Viaxe Pontevedra-Quarteira (ida e volta),
- Saída 24 de marzo e regreso 26 de marzo
- Manutención e Aloxamento 24 e 25 de marzo

O/A Deportista farase cargo dos seguintes custes a través da formalización da inscrición no programa para o evento de referencia:

- Desprazamento ata Pontevedra (ida e volta)
- Inscrición na proba
- Tritraxe oficial World Triathlon da FEGATRI
  - o Contacto: Adrián ( Responsable de menores)
  - o 646.609.171
  - o [menores@fegatri.org](mailto:menores@fegatri.org)
  - o Último día para solicitar o Tritraxe: 28/02/23

**Formalización da solicitude a través da plataforma de inscricións co abono do importe correspondente á xestión do tritraxe da FEGATRI que sería de 57,44 € .**

<https://www.rockthesport.com/es/evento/copa-europa-quarteira-programa-tecnificacion-e-ren>

O acceso a esta colaboración SERÁ INCOMPATIBLE coa solicitude e recepción de axudas, pola mesma proba, para deportistas galegos/as para a súa participación en probas internacionais en 2023.